



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2024

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (1ª/2024)

Día: 20.03.2024

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Propositions.
5. Peticións e preguntas.

Achégase a convocatoria (PDF).

2. ACORDO: SUPRESIÓN DAS LISTAS DE RESERVA NOS SERVIZOS DE GARDA

Transcribimos o acordo tomado pola Xunta de Goberno na sesión do pasado 15.02.2024:

«Eliminación das listas de reserva nos servizos de garda: asistencia a persoas detidas e violencia de xénero:

En atención ao solicitado por algúns letrados e letradas do servizo de gardas de asistencia a persoas detidas dos distintos partidos xudiciais e, unha vez comprobado polo colexio que nos últimos meses se están a producir diversas incidencias no funcionamento deste servizo (relativas a que os titulares non atendan debidamente a garda amparados pola existencia da lista de reserva ou que os de reserva non están pendentes dos períodos das gardas etc.), esta Xunta de Goberno acorda por unanimidade o seguinte:

1. Que a partir do 01.04.2024 se supriman as listas de reserva dos servizos de garda de asistencia a persoas detidas e a vítimas de violencia de xénero.
2. Que, no suposto de que se necesiten máis letrados ou letradas por mor do número de asistencias ou por incompatibilidade dos titulares, contactarase coa secretaría do colexio para que se designe un novo letrado. Se esas situacións puntuais se producen fóra do horario laboral (fins de semana ou a partir das 20 h), poderase chamar aos seguintes letrados que figuren na lista, que prestarán a asistencia sempre que amosen a súa dispoñibilidade.
3. Que, coa supresión da lista de reserva, o colexio velará polo cumprimento rigoroso do servizo. O letrado ou letrada de garda deberá cumprir coa obriga de permanecer localizable e dispoñible durante as 24 horas da súa garda (ou durante a semana naqueles partidos xudiciais que dispoñan deste prazo de garda). No caso de que concorra algunha causa xustificada que impida prestar a garda no día asignado (sinalamento de vista,



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2024

incompatibilidade, baixa laboral etc.), deberase comunicar ao colexio con antelación suficiente de cara a xestionar a substitución.

A falta de prestación do servizo, sen causa xustificada, carrexará a apertura das correspondentes dilixencias de información previa e, de ser o caso, o posterior expediente disciplinario polo que se poderá impoñer a sanción de baixa no dito servizo coa conseguinte perda da cantidade que lle correspondese na repartición trimestral das asistencias.»

3. RECORDATORIO: TALLER PRÁCTICO SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Lembrámosvos que segue aberto o prazo **ata este martes, 20 de febreiro**, ás 14 h, para inscribirmos neste taller sobre IA aplicada á xestión dos despachos.

Día: xoves, 22 de febreiro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

Inscrición: gratuita, a través do seguinte formulario web:

<https://forms.office.com/e/8W6VS4qzjM>

Prazo de inscrición: ata o 20 de febreiro ás 14 h

Prazas: 90 (por orde de inscrición, só para colexiados/as do ICA Santiago)

Imparte: José Manuel Sendín Rodríguez, avogado, compliance officer, delegado de protección de datos e experto en dereito de novas tecnoloxías